

# VIGO

FEB > ABR '21 cultura

CONCELLO  
DE VIGO



*Vivimos nunha cidade fermosa*

## TIPO DE ESPECTÁCULO



Teatro



Maxia



Malabares



Circo



Danza



Monicreques



Bebés

## DATOS DO ESPECTÁCULO

Idioma



Duración  
(minutos)



Prezo



## RECOMENDACIÓN DE IDADE

Público  
Adulto



Público  
Familiar



Idade  
recomendada



**VENRES 5 E SÁBADO 6 DE FEBREIRO 19:00 HORAS**  
**PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE**



# A GRAN VIAXE

[INVENTI TEATRO]



**Xénero:** teatro de rúa  
**Autoría, deseño de son, iluminación e música:**  
Inventi Teatro  
**Dirección:** Martín Maez  
**Escenografía:** José Manuel Faro “Coti”  
**Vestuario:** Ali Otero  
**Elenco artístico:** Bea Campos e Marcos Alonso

A capitá Centella e o doutor Potasio chegan coa súa nave á terra en busca do Ziscornio, o elemento necesario para salvar o seu planeta que está sendo atacado por bichos malignos. Co elemento secreto no seu poder, Centella e Potasio soben á súa nave espacial e despídense das boas xentes, dispoñéndose a despegar, pero comezan os problemas!!! Rompe o vehículo, perden o mapa, chegan os malos e a cousa complicase...



Poderán Centella e Potasio regresar ao seu planeta? Conseguirán que as boas xentes da Terra os axuden? Pasen e vexan se estes intrépidos aventureiros dan conta do recado.



Idioma



+3 anos



Duración

VENRES 19 E SÁBADO 20 DE FEBREIRO

20:00 HORAS

# SOGA E ÇINSA

[APORÍA ESCÉNICA]



TEATRO



**Xénero:** teatro contemporáneo

**Cordirección de actrices:** Diana Mera

**Escenografía e vestuario:** Montse Piñeiro

**Iluminación:** Montse Piñeiro e Del Ruíz

**Deseño de son e música:** Francisco Gallardo

**Elenco artístico:** Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Diana Mera, Raquel Oitavén, Marta Pérez, Merche Pérez, Rosa Puga Davila, María Roja, María Salgueiro, Nuria Sotelo e María Tasende.

Soga e Cinsa, tríptico renacentista para 11 bruxas en 92 minutos, aborda a caza de bruxas en Europa nos séculos XV, XVI e XVII, co obxecto de visualizar o xenocidio que supuxo e a súa perversa conexión co desenvolvemento do sistema capitalista.

Horror, humor, reflexión, plasticidade e emoción son as apócemas principais deste conxuro teatral. Unha sucesión de paisaxes espectrais e inesperadas irrompen en escena para que os corpos expresen a súa danza esquecida, nunha peregrinaxe de sombras espectrais que procura as luces da xustiza e do recoñecemento.



Idioma



Público Adulto




Duración



Prezo



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



Xacobeo 2021

AGADIC



Asociación Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA



DOMINGO 21 DE FEBREIRO

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO  
FAMILIAR



# EMOCIONES DE HOJALATA

[MAR ROJO TEATRO]

**Autoría:** Mar Lombardo (baseado en “El monstruo de colores”, “Así es mi corazón” e “Un mundo de emociones”)

**Dirección:** Fco. Javier Rojo e Mar Lombardo

**Escenografía, diseño de son e diseño de iluminación:** Fco. Javier Rojo Gómez

**Vestuario:** Mar Rojo Producciones

**Música:** Elena de Zuñiga e música clásica

**Elenco artístico:** Mar Lombardo e Aida Valladares

O pequeno robot Hojalata ten por fin un corazón, pero non sabe como utilizalo. Vai a destempo, fállalle rimo, e o peor de todo: ten as emocións feitas un lío!

Acompañado das súas amigas Inma e Emma, Hojalata fará unha extraordinaria viaxe na que vai coñecer o mundo das emocións e o marbillosa mecanismo que fai que funcione o seu corazón.



Idioma



Público  
Familiar



+1 anos



Duración



Prezo

VENRES 26 E SÁBADO 27 DE FEBREIRO

20:00 HORAS

TEATRO



# ANXOS ABANDONADOS EN MOSAICOS DESPOIS DO COMBATE [ANÓMICO TEATRO]



**Xénero:** teatro contemporáneo  
**Autoría, dirección, escenografía, diseño de iluminación e vestuario:** Julio Fernández Peláez

Cun fondo claramente antibelicista e de defensa da beleza, a realización escénica xira ao redor dunha idea: a necesidade de que existan seres que coiden deste maltrato mundo.

A peza recrea as figuras: anxo, pallaso e soldado. A primeira delas dende unha perspectiva alegórica da bondade, a segunda como xogo retórico e esperpéntico do propio teatro e a terceira como vítima da violencia exercida -mesmo cando non hai vontade real-. A obra ten un formato próximo ao circense na súa estrutura fragmentaria e na

**Deseño de son e música:** Roberto García de Mesa  
**Elenco artístico:** Xosé Manuel Esperante Dávila e Julio Fernández Peláez

visibilidade do presente absoluto. A terra azul que tinge o espazo, unhas ás xigantes que se despregan, ou o material escultórico e audiovisual que percorre o tempo da representación, dan forma a unha peza que busca no ritmo e na música o seu mellor aliado.



Idioma



Público Adulto



Duración



Prezo



galegía

Xacobeo 2021 AGADIC



Agencia Galega das Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA

DOMINGO 28 DE FEBREIRO

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO  
FAMILIAR



# RIQUETE EL DEL COPETE

[HIGIÉNICO PAPEL TEATRO]

**Xénero:** teatro comedia

**Autoría:** Laura Iglesia San Martín (a partir do conto de Charles Perrault)

**Dirección, adaptación e deseño de son:** Laura Iglesia San Martín

**Escenografía:** Rodolfo Antolín

**Deseño de iluminación:** Carlos Dávila González

**Vestuario:** Higiénico Papel Teatro

**Música:** Rafael Krux

**Elenco artístico:** Felix Corcuera, Carlos Dávila e Patricia Rodríguez/Laura Iglesia

Un príncipe moi feo e moi listo, cun copete de pelo na cabeza: Riquete el del Copete. Unha princesa moi fea e moi lista. Outra princesa moi guapa e moi parva. Riquete namora dunha delas. Que pasará coa guapa? Que pasará coa fea?

E se non estamos moi de acordo co final do conto de Charles Perrault... Poderemos cambialo?

Unha revisión do clásico de Charles Perrault adaptada ao século XXI.



Idioma



Público  
Familiar



+5 anos



Duración



Prezo

VENRES 5 E SÁBADO 6 DE MARZO

20:00 HORAS

# PROGRAMA 3x3

3 ESPECTÁCULOS · 3 ESPAZOS · 3 COMPAÑÍAS · 3 €

Este ano o programa 3x3 ten que **adaptarse á situación epidemiolóxica** polo que **a capacidade dos espazos será súper reducida** e só se fará nun único grupo, prescindindo dos camerinos para poder garantir a distancia mínima interpersonal recomendada.

Presentaranse **cada día 3 espectáculos diferentes** cunha mesma temática.

O prezo para cada día polos **3 espectáculos** será de **9 €**. O abono para o **programa completo** dos dous días terá un prezo de **15 €**.

## VIDAS ENTERRADAS

[L'OM IMPREBÍS · MICOMICÓN TEATRO  
TEATRO CORSARIO · TEATRO DEL TEMPLE]

Vidas enterradas son unha serie de reportaxes da Cadena Ser coa dirección de Javier del Pino, Conchi Cejudo e Gervasio Sánchez. Neles rescátase, a través do documental, a vida e a morte de persoas asasinadas durante a Guerra Civil e o franquismo. Dos protagonistas destas historias apenas consérvanse algunhas fotografías, pero os recordos seguen vivos na súa descendencia, na súa veciñanza, nas xentes que compartiron as súas vidas. Despois de décadas, estas xentes rompen o silencio para narrar esas biografías, esas historias silenciadas na Historia.



Idioma



Público Adulto



Duración



Prezo





Con ese material de partida, unha serie de compañías únense para lle propor a un grupo de autores crear unha serie de monólogos encadeados que, a partir de testemuñas documentais, nos acheguen ás vítimas, ás testemuñas ou ás persoas comprometidas no rescate desa memoria enterrada. Son un caleidoscopio de miradas diferentes que empezan a trazar un mapa emocional sobre un silencio enorme que empeza a romper.

**Producción:** Ana Beltrán, María López Isausti, Luis Miguel García

Espectáculo composto polas seguintes pezas:

### **MANUEL ESPAÑA** [Juan José Millás]

Dirixido por **Jesús Peña**

Interpretado por **Pilar San José**

### **LAS CUENTAS DE CARMENCITA**

[Juan Mayorga]

Dirixido por **Carlos Martín**

Interpretado por **Mariano Anós**

### **EL QUE GUARDA** [Mafalda Bellido]

Dirixido por **Santiago Sánchez**

Interpretado por **Carles Montoliu**

### **A LOS PIES DEL MONCAYO**

[Alfonso Plou]

Dirixido por **Carlos Martín**

Interpretado por **Rosa Lasierra**

### **PRIMITIVO FLORIÁN** [Laila Ripoll]

Dirixido por **Mariano Llorente**

Interpretado por **Mateo Rubistein**

### **TERTULIA** [Pepe Viyuela]

Dirixido por **Santiago Sánchez**

Interpretado por **Edu Borja**

TEATRO



DOMINGO 7 DE MARZO

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO  
FAMILIAR



# ITALINO GRAND HOTEL

[COMPANYA LA TAL]



**Autoría:** Jordi Magdaleno

**Dirección:** Jordi Magdaleno e Tolo Ferrá

**Escenografía:** Txema Rico Italo Grand Hotel

**Deseño de son e iluminación:** Aleix Ramisa

**Vestuario:** Rosa Soler

**Música:** David Moreno

**Elenco artístico:** Jordi Magdaleno

Quen lava as miles de sabas dos hotéis?

No derradeiro soto do Italo Grand Hotel está a lavandería. Alí, un personaxe solitario lava, prancha e perfuma a roupa. Vive só, soña entre sabas e esconde a soledade conversando coas máquinas e xogando coa súa propia sombra.



Idioma





+5 anos



Duración



Prezo



AGADIC



A Xunta Galega dos Recursos Culturais



XUNTA  
DE GALICIA

VENRES 12 E SÁBADO 13 DE MARZO

20:00 HORAS

32M2

[BUTACAZERO]



TEATRO  
COMEDIA



**Autoría:** Esther F. Carrodegas  
**Dirección:** Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegas  
**Escenografía e deseño de iluminación:**  
Beatriz de Vega  
**Deseño de son e música:** Rodrigo Cuevas  
**Vestuario:** Alicia Root  
**Elenco artístico:** Laura Villaverde e Xurxo Cortázar

Mar e Xan son unha parella fóra do común, coma todas. Viven tan tranquilamente no seu pisiño de 32m2. A vida pasa e o mundo xira, volta e volta, coma un filete. Pero un día, o mundo esmadréllase. O que era unha Nación convértese nunha HiberNación e hai que facer todo o que di Simón. Mar non recoñece a súa vida. Xan non recoñece á súa parella.

O mundo redúcese a catro paredes e xa ninguén entende nada. 32m2 é un enredo co que todo o público se poderá sentir identificado, pois todos mercamos un chisco máis de papel hixiénico do habitual e todas tivemos que acabar por levantar as nosas propias alfombras para descubrir a merda que tiñamos debaixo dos propios pés.



Idioma



Público  
Adulto



Duración



Prezo



DOMINGO 14 DE MARZO

12:30 E 18:00 HORAS

# ORFEO Y EURÍDICE

[LA CANICA]

**Autoría e dirección:** Pablo Vergne

**Escenografía:** Eva Soriano, Ana Iturrate e Ricardo Vergne

**Deseño de son e vestuario:** La Canica

**Deseño de iluminación:** Pablo Vergne e Ricardo Vergne

**Música:** Ramiro Morales

**Elenco artístico:** Daniela Saludes e Esther Blanca

Orfeo é un grego novo, cuxa música é quen de aplacar tormentas, mover as pedras e amansar ás bestas salvaxes. Eurídice e unha ninfa nova protectora dos bosques e a natureza. Un día namoran. Pero a súa felicidade non dura moito tempo. Unha mordedura de serpe mata a Eurídice. Desolado, Orfeo decide baixar aos infernos na procura da súa amada.



Premio á mellor proposta  
dun clásico FETEN 2020



Idioma



+4 anos



Duración



Prezo

MONICREQUES  
FAMILIAR





VENRES 19 E SÁBADO 20 DE MARZO

20:00 HORAS

TEATRO  
COMEDIA



# O MOZO DA ÚLTIMA FILA

[REDRUM TEATRO]



**Autoría:** Juan Mayorga  
**Dirección e adaptación:** Alex Sampayo  
**Escenografía e deseño de iluminación:** J.M.Faro  
**Deseño de son e música:** Davide González

**Vestuario e caracterización:** María Illobre  
**Elenco artístico:** Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Belén Constenla, Mónica García, Machi Salgado e Rubén Porto

Claudio é un estudante de dezasete anos que senta na última fila. Non fala, non participa, non é problemático, non destaca, salvo en matemáticas. Cada clase fáiselle máis insoportable ata que Xermán, o profesor de lingua e literatura, manda escribir unha redacción sobre a fin de semana.

Ese relato compartido polo discípulo e o mestre convértese nun xogo cada vez máis perigoso para eles e para quen os rodea. Un xogo que se disputa en dous taboleiros: o da vida e o da literatura.

A partir dese intre, Claudio empeza a transformarse en alguén que observa, imaxina e escribe a vida doutros nun relato por entregas para un só lector.



Idioma



Público  
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 21 DE MARZO

12:30 E 18:00 HORAS

# SEMENTE

[EME2 EMOCIÓN&ARTE]

**Dirección e adaptación:** José Carlos García

**Escenografía:** Ajidahna

**Deseño de son e música:** Fran Lasuen

**Deseño de iluminación:** Bruno Esteves


**Vestuario:** MM

**Elenco artístico:** Mercedes Castro

Inspirado en acontecementos reais, Semente, é unha historia inesquecible sobre o poder que o ser humano ten de influenciar o mundo ao seu redor. Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para facer do lugar onde vive un lugar especial.

Unha historia admirable que nos amosa como un home humilde e insignificante aos ollos da sociedade, vivindo lonxe do mundo e usando unicamente os seus propios medios, consegue reforestar el só unha das rexións mais inhóspitas de Francia.

TEATRO  
FAMILIAR



Idioma



+6 anos



Duración



Prezo



galegía



Xacobeo 2021

AGADIC



Area Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA

VENRES 26 E SÁBADO 27 DE MARZO

20:00 HORAS

NOVO  
CIRCO



# CELESTINA LA TRAGICLOWN MEDIA

[LA ESCALERA DE TIJERA]



**Autoría:** Fernando de Rojas

**Adaptación:** Roberto Calle

**Escenografía:** Isaac Gutiérrez

**Diseño de son e música:** Juan Carlos Rey

Unha proposta escénica de circo, teatro e clown engarza o destino de Calisto e Melibea. A desigualdade de clases, personificada na corrompida lealdade dos criados e unha Celestina proxeneta que utiliza a desventura e o sufrimento dos amos para enriquecerse, encarna a conflitiva sociedade do século XV.

**Diseño de iluminación:** Gustavo González

**Vestuario:** Iluminada Martín

**Elenco artístico:** Lola Sánchez, Javier Rosado e Roberto Calle

Nunha sorte de acrobacias, malabares e expresión corporal, La Escalera de Tijera tece a rimo de comedia un dos grandes clásicos da literatura española.

Un espectáculo traxiCLOWNmico que amosa as altas e baixas emocións do ser humano ao fio da música que marcan os corazóns das nosas personaxes.



Premio á Mellor Dirección no Festival  
Nacional de Teatro de Las Vegas Bajas



Idioma



Público  
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 28 DE MARZO

12:30 E 18:00 HORAS

# ARRERRÚ

[RILO & PENADIQUE]

**Autoría:** Vero Rilo e Sonsoles Penadique


**Dirección, deseño de iluminación e coreografía:**

Vero Rilo

**Escenografía e vestuario:** Rilo & Penadique

**Deseño de son e música:** Sonsoles Penadique

**Elenco artístico:** Vero Rilo e Sonsoles Penadique



BEBÉS  
FAMILIAR



Arrerrú é unha palabra que vive na boca, non quere dicir nada pero o A abre o asombro, o RRE a repetición, e o RRU a delicadeza.

Comezamos axiña na vida a vocalizar e nos golpes de voz xa vai o arremedo de todos os estado de ánimo. Cando falamos de narración oral para bebés queremos dicir que a narración oral é importante desde os primeiros momentos da vida, introducimos cos bebés da man na selva das palabras e do sentido das palabras: nós sabemos dos carreiros, das hortas e dos agochos; eles veñen vindo de vagariño pero sen pausa.

As palabras acompañanse da musicalidade da voz, dos ollos, dos xestos, do tacto... os bebés tempéranse mellor con estes apoios, nós ao pé da voz poñemos a voz dun acordeón diatónico, a voz multiplicada e asombrosa. Somos bebés, somos persoas adultas, somos persoas da man doutras persoas. A linguaxe en singular non existe: primeiro apréndese en familia. A narración oral é a flor da vida en compañía para afrontar a onda.



Idioma



0-4 anos



Duración



Adulto+Bebé\*

\* Resto de acompañantes entrada libre en patio de butacas con visibilidade reducida.



VENRES 9 E SÁBADO 10 DE ABRIL

20:00 HORAS

SÓS

[MALASOMBRA PRODUCCIÓN S]

**Autoría e deseño de son:** José Prieto

**Dirección:** Xoque Carbajal e José Prieto

**Vestuario:** Diego Valeiras

**Escenografía:** Diego Valeiras

**Elenco artístico:** Marcos Orsi e Jouse García

SÓS é unha reflexión, por veces cómica e por veces máis dramática, sobre a velez, sobre a convivencia, e sobre a soidade que sofren moitas persoas maiores nos seus últimos anos de vida. SÓS conta a historia de Fermín e Marcelino, dous homes octoxenarios que se ven obrigados polas circunstancias a compartir piso.

Os dous anciáns non se coñecen previamente, os dous teñen un carácter totalmente diferente, levaron vidas diferentes e teñen costumes e hábitos absolutamente diferentes, polo que a súa convivencia non vai ser fácil, aínda que non lles vai quedar máis remedio que aprender a tolerarse, porque a pesar de que hai moitas cousas que os separan, teñen algo moi importante que os une: os dous están sós e necesítanse mutuamente para saír adiante.



Idioma



Público  
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 11 DE ABRIL

12:30 E 18:00 HORAS

# ESENCIAL

[VAIVÉN CIRCO Y DANZA]



A historia desenvólvese en torno á simplicidade, ao esencial, como moitas veces as persoas esforzámonos por facer as cousas o mellor posible, da mellor maneira, confundindo isto coa complexidade do que estás a realizar, cando sen dúbida a maioría das veces a mellor decisión tamén é a decisión máis simple.

Estes conceptos aplicados a todos os aspectos do espectáculo, desde o movemento, a coreografía ou a técnica de circo, como sempre intentando conseguir facer o máis complexo para chegar á conclusión

de que a primeira impresión era a máis axeitada. Unha escena limpa, con poucos elementos, pero que segundo a súa manipulación resultan grandísimos e fermosos, todo conseguido a partir dun xoguete fundamental na vida e o crecemento da nosa infancia, o arco da vella de Waldorf e todo o seu imaxinario.



**Autoría:** Vaivén Circo e Javi Parra  
**Dirección:** Vaivén Circo e Javi Parra  
coa colaboración de Jokin Oregi  
**Escenografía, deseño de son e vestuario:** Vaivén Circo  
**Deseño de iluminación:** J.C.Tama  
**Música:** Daniel Maldonado (Sam)  
**Elenco artístico:** Manolo Carambolas, Raquel Pretel / Celia Sako, Chema Martín, Irene de Paz e Miguel Moreno "Bolo"



Premio ao Mellor Espectáculo de Circo Troupe e á Mellor Música Orixinal da Asociación de Circo de Andalucía 2019



Idioma



+3 anos



Duración



Prezo



VENRES 16 E SÁBADO 17 DE ABRIL

20:00 HORAS

TEATRO



# A LINGUA DAS BOLBORETAS

[SARABELA TEATRO]

**Autoría:** Manuel Rivas

**Dirección e escenografía:** Gonçalo Guerreiro

**Adaptación:** Gonçalo Guerreiro  
e Fernando Dacosta

**Deseño de son:** Fernando Dacosta  
e Vadzim Yuknevich

**Deseño de iluminación:** Baltasar Patiño  
e Diego Blanco

**Vestuario:** Tegra Vázquez e Lele Martínez

**Música:** Vadzim Yuknevich

**Elenco artístico:** Fran Lareu, Fernando Dacosta, Fina  
Calleja, Sabela Gago, Josito Porto e Elena Seijo



O público será testemuño do proceso de aprendizaxe que emprende o protagonista da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade que xera o coñecemento da realidade e o respecto cara o próximo) e é testemuña tamén da traxedia que supuxo vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil. A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o neno, vaise descubrindo paulatinamente ante o espectador a beleza daquelas realidades cotiás que pasan

inadvertidas (como o mundo dos insectos), facendo partícipe ao receptor da historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas.



Idioma



Público  
Adulto



Duración



Prezo



DOMINGO 18 DE ABRIL

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO  
FAMILIAR



# ONDE VIVEN OS MONSTROS [OS NÁUFRAGOS]

**Autoría:** Maurice Sendak

**Dirección, adaptación e deseño de iluminación:**  
Gustavo del Río

**Escenografía:** Marisa de la Iglesia

**Deseño de son e música:** Fernando Jiménez

**Vestuario:** Juan Carlos Guerra

**Elenco artístico:** Jimmy Núñez e María Roja

O pequeno Max pasa o día facendo trasnadas. A súa nai, cansa desta situación, decide castigalo. Enfadado, Max viaxará ao marabilloso mundo onde viven os monstros, no que vivirá aventuras extraordinarias até converterse en rei. Unha tarefa máis difícil do que el pensaba.

Unha peza inspirada no clásico da literatura infantil, considerado o álbum ilustrado perfecto, que mestura fantasía e realidade por igual, trazando un fiel retrato da infancia.



Idioma



+4 anos




Duración



Prezo



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



Xacobeo 2021

AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA



VENRES 23 E SÁBADO 24 DE ABRIL

20:00 HORAS

# PINK UNICORNS

[LA MACANA]

DANZA  
CONTEMPORÁNEA



**Autoría, dirección e coreografía:** Caterina Varela,  
Alexis Fernández e Samir Akika  
**Escenografía:** Tilo Schereick  
**Diseño de iluminación:** Afonso Castro  
**Elenco artístico:** Alexis Fernández & Paulo Fernández

A nova creación de La Macana pon enriba do escenario ao propio Alexis co seu fillo de dezaseis anos. Un auténtico desafío que nos fará gozar das marabillas da relación pai e fillo, da pericia de cada un.



Idioma



+8 anos



Duración



Prezo

DOMINGO 25 DE ABRIL

12:30 E 18:00 HORAS

# NINA NINETTE

[TRASPEDIANTE]

**Autoría:** María Torres, Marta Alonso Tejada e Paula Quintas

**Dirección:** María Torres

**Escenografía:** Traspediente

**Deseño de son e música:** Alejandro Salgueiro

**Deseño de iluminación:** Nacho Martín

**Vestuario:** Diego Valeiras

**Coreografía:** Marta Alonso Tejada e Paula Quintas

**Elenco artístico:** Marta Alonso Tejada e Paula Quintas

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sinte a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos é moi doado entrar pero ben complicado saír. Será que ela o consegue?

Nina Ninette é un conto iniciático que se inspira na estética do ballet triádico para danzar unha historia de beleza e rebeldía.

DANZA  
FAMILIAR



## Nina Ninette

trasPediente



Idioma



+3 anos



Duración



Prezo

VENRES 30 DE ABRIL E SÁBADO 1 DE MAIO

20:00 HORAS

# LEIRA

[NOVA GALEGA DE DANZA]

DANZA  
CONTEMPORÁNEA



**Autoría:** Nova Galega de Danza  
**Dirección e adaptación:** Jaime Pablo Díaz Rodríguez  
**Escenografía:** NGD  
**Deseño de son:** Alberto Beade  
**Deseño de iluminación:** Antón Cabado  
**Vestuario:** Erica Oubiña  
**Música:** Sergio Moure de Oteyza  
**Coreografía:** Iker Gómez  
**Elenco artístico:** Estefanía Gómez, Iván Veites Veiras, Iván Villar, César Louzán, Pablo Sánchez, Ricardo Fernández e Rosa Cedrón

O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza e música que nos transporta á dura beleza dos labores do campo. A muller no centro desta conexión telúrica; día e noite, xomada tras xomada repetida nunha sucesión inesgotable de estacións. O sol e a choiva, o vento xeado, crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, de corpos que cargan e arrastran, que danzan entre os sulcos arados na terra. Pero Leira é tamén a sinxela alegría do traballo feito coas mans, coa valentía do corpo a corpo. A celebración dunha Galicia intemporal e máxica.



Idioma



Público Adulto



Duración



Prezo

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

- 1** O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2** As **entradas non vendidas anticipadamente**, de habelas, estarán **dispoñibles** no despacho de billetes desde **unha hora antes do comezo** previsto para o espectáculo.
- 3** As **portas de acceso abriranse 15 minutos** antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4** As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha **localización concreta** deberán utilizar o **sistema de venda anticipada**. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. **A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais**, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5** **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e cómputase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6** **Non se lle permitirá o acceso** a quen presente unha **entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación.** **Non se admiten cambios nin devolucións.**
- 7** A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das **idades recomendadas** para determinados espectáculos, que solicitamos **respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.** Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode

**8** estar suxeito a un rexistro. **Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos** que poidan ser considerados **perigosos** polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. **Resérvase o dereito de admisión.**

**9** Nos **espectáculos** programados quedan **reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual.** As persoas portadoras da entrada **non** poderán introducir **cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras;** tampouco poderán, **nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización;** en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

## NORMAS ESPECIAIS COVID-19

Debido a situación actual provocada pola pandemia orixinada polo **COVID-19**, en calquera momento **podrán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto**, así como os **horarios**, segundo as indicacións sanitarias de cada momento. No propio auditorio indicaranse as medidas especiais como **uso de máscara obrigatoria**, circuitos de entrada e saída diferenciados, **dispensadores de xel hidroalcohólico**, **distanciamiento de seguridade** ou calquera outra medida que sexa imposta para garantir a seguridade do público e do persoal que traballa no recinto. Ademais **podrán establecerse quendas de entrada** segundo a localización das localidades, coa suficiente antelación que permita o acomodo do público co tempo necesario para que os espectáculos poidan comezar segundo o previsto.

**Con motivo das restricións horarias actuais prégase a máxima puntualidade. As funcións comezarán puntualmente na hora indicada, polo que o público deberá estar nas súas butacas 5 minutos antes do comezo do espectáculo.**



# VENDA DE ENTRADAS

## ENTRADAS SOLTAS

As entradas soltas poderán adquirirse anticipadamente (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes) **a partir do 1 de febreiro:**

- **A través da páxina web de Woutick** ([www.woutick.es](http://www.woutick.es)).
- **Do 19 de febreiro ao 30 de abril (excepto Semana Santa), no despacho de billetes do auditorio** nos seguintes días e horarios:
  - Venres e sábados: de 18:00 a 20:00 horas.
  - Domingos: de 10:30 a 12:30 horas e de 16:00 a 18:00 horas.




## ABONOS

- **Venda anticipada online** (do 21 ao 30 de xaneiro):
  - **Abono 5 teatro público adulto:** elixe 5 espectáculos de toda a programación de teatro adulto (venres e sábados), combinados como queiras e paga 35 €.
  - **Abono 5 teatro público familiar:** elixe 5 espectáculos de toda a programación de teatro familiar (domingos), combinados como queiras e paga 20 €.
- **Do 19 de febreiro ao 30 de abril (excepto Semana Santa), no despacho de billetes do auditorio** nos seguintes días e horarios: Venres e sábados: de 18:00 a 20:00 horas · Domingos: de 10:30 a 12.30 horas e de 16:00 a 18:00 horas.
  - **Abono á carta 5:** elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10 % de desconto sobre o prezo total.
  - **Abono á carta 10:** elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.

Co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade, o público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas adquiríndoas anticipadamente a través de Internet co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade).

Auditorio Municipal do Concello de Vigo · Praza do Rei 1. Vigo



Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n





Billetes en:  
**woutick!es**



CONCELLO  
DE VIGO



 Vigocultura

 @Vigo\_cultura

 vigocultura

[www.vigo.org](http://www.vigo.org)

## INFORMACIÓN:

**Teléfonos:**

Desde Vigo: 010


Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

[incidenciasvigoculturetas@gmail.com](mailto:incidenciasvigoculturetas@gmail.com)

**Horario:**

Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas

Sábados: 10.00 a 14.00 horas



Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n



*Vivimos nunha cidade fermosa*